CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

Belén Cachafeiro Anta (1 para 1)
Alcaldesa de Forcarei
Data de Sinatura: 12/05/2017
HASH: f9f51dffd94159e1c25f57dedbe4c84e

# BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL (2 CONDUTORES-OPERARIOS DE SERVIZOS) PARA VEHICULO MOTOBOMBA NO CONCELLO DE FORCAREI

## Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria e bases regular o procedemento para seleccionar, con carácter urxente, a dous **(2) Oficiais 1ª condutores de camión motobomba**, en réxime de contratación laboral temporal a xornada completa, durante un período de 3 meses, ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Forcarei para a prevención e defensa contra incendios forestais durante a campaña 2017.

Os traballadores contratados prestarán os seus servizos no termo municipal do Concello de Forcarei, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable poidan participar nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal.

## Segunda.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

- Tipo de contrato: contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, previsto no Real Decreto 2720/1988, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o art. 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratación de duración determinada.

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11

CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

- Duración: será de 3 meses dende a súa formalización.(sendo as datas prevista de inicio o 01/07/2017 e de finalización o 30/09/2017.

- Retribucións: serán de 1.490,15 euros/mes brutos incluídos todos os conceptos salariais e de Seguridade Social.

- Xornada de traballo: será a tempo completo e realizarase de luns a domingo cos descansos establecidos na lei, e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais así como as quendas de noite que sexan necesarias.

- Funcións a realizar: condución, manexo e mantemento nas adecuadas condicións do camión motobomba contra incendios; así como control da súa documentación técnica; e demais funcións previstas no Convenio de colaboración.

**Terceira.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.**

Para poder participar nesta convocatoria os aspirantes deberán reunir, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, ou nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11

b) Ter cumpridos dezaoito anos e non exceder de 60 anos.

c) Posuír ou estar en condicións de obter o Título de graduado escolar, formación profesional 1º grao ou equivalente (titulación nova= graduado en educación secundaria).
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Posuír os permisos de condución da **clase C** e **BTP.**

e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia, non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións do posto de traballo. (Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, a obesidade, a cegueira e a xordeira. En mulleres, será igualmente causa de exclusión o embarazo).

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial.

**Cuarta.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

Os que desexen participar no proceso selectivo deberán presentar unha instancia dirixida á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Forcarei, no

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11

CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

**prazo de 10 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local (FARO DE VIGO), taboleiro de anuncios do Concello e páxina weeb: www.forcarei.net.
A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo, nº de teléfono e a denominación da praza convocada á que opta.
Poderán presentar o modelo que figura na paxina web do concello www.forcarei.net /trámites administrativos/solicitude ó Alcalde.

As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ou nas formas que indica o art. 38.4 da Lei 30/1992.

Xunto coa instancia achegarase a seguinte documentación:

1 Copia do DNI e do permiso de condución esixido.
2 Copia da titulación requirida para o posto.
3 Certificado médico que acredite que as condicións de saúde son adecuadas para o desempeño do posto, así como que reúne as condicións físicas para superar as probas físicas de esforzo.
4 Documentos que acrediten os méritos alegados na fase de concurso.

**Os méritos e requisitos non acreditados conforme ó establecido nestas bases non serán tidos en conta polo Tribunal de valoración.**

Os documentos presentaranse en copia simple e as persoas seleccionadas presentarán previo á sinatura do contrato os orixinais para o seu cotexo.

**Quinta.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.**

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 11

CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92 (LRXAP).

Transcorrido o prazo de subsanación, a Alcaldesa elevará a definitiva a lista provisional, no caso de non presentarse reclamacións; ou resolverá as que se presenten declarando aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, con indicación da composición do tribunal así como o día, lugar e hora para o comezo das probas.

Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, podendo publicarse na páxina web www.forcarei.net.

**Sexta.- SISTEMA SELECTIVO.**

O sistema selectivo será o seguinte:

**6.1 EXAME DE COÑECEMENTOS**

**Proba de coñecementos teóricos:** test de 20 preguntas con tres respostas alternativas, relativo a actividades de extinción, ferramentas e organización e protección de ecosistemas forestais. (Anexo I). A duración desta proba será de trinta minutos. A puntuación máxima que poderá

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 11

CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

acadarse na proba de capacitación é de 5 puntos. A puntuación mínima para superar a proba serán 2,5 puntos.

### 6.2 PROBA DE APTITUDE FÍSICA

**Proba de aptitude física**: consistirá na realización da proba do banco, co obxecto de comprobar se a persoa aspirante ten unha condición axeitada de saúde e aptitude física.
Empregarase un banco de 40 cm de altura para homes e de 33 cm para mulleres, requiríndose como puntuación mínima 40 para superar a proba.
Esta proba puntúase con 2 puntos, que acadará o aspirante que maior puntuación consiga, e os seguintes serán puntuados en proporción, aplicando regras de tres.

**Para a súa práctica os aspirantes deberán acudir con roupa deportiva.**

### 6.3 PROBA PRÁCTICA

**Proba de capacitación profesional**: Consistirá na realización dunha proba do manexo, carga e descarga do vehículo motobomba. A puntuación máxima que poderá acadarse na proba de capacitación é de 5 puntos. A puntuación mínima para superar a proba será de 2,5 puntos.

### 6.4 MÉRITOS:

**1.-Experiencia profesional**: Por servizos prestados en funcións semellantes ao posto: 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 2 puntos. **A experiencia profesional deberá acreditarse a través de vida laboral**

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11

CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

**máis contratos e/ou certificado de servizos prestados. No caso de non presentar dita documentación xunto coa solicitude, a mesma non será tida en conta.**

**2.- Contar con cargas familiares (maiores dependentes, fillos maiores de 18 anos a cargo en situación de desemprego, fillos menores de 18 anos): 1 punto por cada circunstancia cun máximo de 2 puntos.**

**3.- Estar en situación de desemprego: 0,30 puntos mes, ata un máximo de 2 puntos.**

Para as probas os/as aspirantes deberán acudir debidamente acreditados (DNI ou documento similar que acredite a personalidade).

**Sétima.- TRIBUNAL.**

O Tribunal de valoración estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Mª ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ, Secretaria Municipal, ou persoa na que delegue.

Vogais:

ANTONIO REY CORTIZO, Encargado de Obras, persoa na que delegue.

RAUL HERMIDA FERREIRO, Oficial Fontaneiro, ou persoa na que delegue.

FERNANDO CANABAL BARREIRO, Administrativo, ou persoa na que delegue.

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11

Secretaria: Mª DEL CARMEN MATO CACHAFEIRO, Administrativo, ou persoa na que delegue.

O Tribunal poderá acordar, por razóns de necesidade e urxencia, a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos aspirantes un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte; deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

**Oitava.- RESULTADOS DA SELECCIÓN E LISTAXE DE RESERVA.**

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor do candidato que obtivese o mellor índice de capacidade aeróbica, e de persistir o empate, atenderase ao maior tempo en situación de desemprego.

A relación de puntuacións outorgadas polo tribunal, elevarase a Alcaldía coa proposta dos candidatos que posúan as maiores puntuacións para a formalización dos contratos, publicándose a mesma no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Os aspirantes que tendo superados os exercicios non foran incluídos na proposta de contratación, formarán unha listaxe de reserva, pola orde de puntuación obtida no proceso, a efectos de substitución nos casos de renuncia ou impedimento.

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11

*Os candidatos propostos para a contratación deberán superar previamente á formalización do contrato* unha proba de esforzo e recoñecemento médico. No caso de non superarse serán excluídos e recorrerase a lista de reserva.

**Novena.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

No prazo de 5 días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se fixeron públicas as listas de seleccionados, deberán presentar no rexistro xeral da entidade os seguintes documentos:

1 Copia do DNI e do permiso de condución.
2 Copia da titulación requirida para o posto.
3 Copia da tarxeta da Seguridade Social.
4 Certificado co nº de conta bancaria (co nº IBAN) cos 24 díxitos onde conste como titular.
5 Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Os que dentro do prazo indicado e agás casos de forza maior non presentaran a documentación, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incorrer.

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11

Cumpridos os requisitos anteriores, a Alcaldesa-Presidenta, de acordo coa proposta do tribunal cualificador, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo cos candidatos seleccionados.

**Décima- REALIZACIÓN DUN CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO.**

Unha vez formalizado o contrato, os traballadores contratados deberán obrigatoriamente realizar un curso teórico –práctico sobre prevención e defensa contra incendios. Sendo a non realización do mesmo causa de extinción del contrato.

**NORMA FINAL.-**

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

------------------------------------------------------------------------------------------

Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11

CONCELLO DE FORCAREI
Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)
Tfnos: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82
C.I.F. P - 3601800 - J
Páxina Web: http://www.forcarei.net
E-mail:concello.forcarei@forcarei.net
concello.forcarei@eidolocal.es

**ANEXO I-TEMARIO**

1 O territorio e a poboación de Forcarei.
2 O municipio de Forcarei. Superficie, límites, poboación e parroquias.
3 Primeiros auxilios: nocións básicas do procedemento de actuación en caso de accidente ou emerxencia.
4 Teoría do lume. Mecanismos de extinción. Extintores sólidos e gaseosos. Axentes extintores.
5 Incendios forestais. Tipos de incendios forestais. Prevención, vixilancia e detección. Sistemas de extinción.
6 Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2014)
7 Aparellos extintores de incendios.
8 Tipos de vehículos dos servizos de extinción de incendio se salvamento. A condución de vehículos de urxencia. Prioridade de paso.
9 Equipamento persoal dos traballadores (EPI).
10 Equipamento dos vehículos de extinción de incendios.

---



Cod. Validación: 3XQ7R2NEJ9S7T3DN6R9K5HQL4 | Corrección: http://forcarei.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11